

# A VOZ DO CHANO


XORNAL QUINCENAL DO  
CEIP Plurilingüe Chano Piñeiro - Gondomar (Pontevedra)

Venres 18 de novembro de 2022

## Os nenos e nenas do Chano celebran o magosto

O alumnado do CEIP Plurilingüe Chano Piñeiro celebrou o pasado 10 de novembro a tradicional festa do magosto.

Autores: Azahara, Naia, Carmen e Judith.



Como en cursos anteriores, o alumnado do Chano Piñeiro viaxou ata Chan da Lagoa para celebrar o magosto. Os nenos e nenas de 3º a 6º de Primaria fixeron unha andaina dende o CEIP de Belesar ata Chan da Lagoa, onde se reuniron cos máis cativos do cole. Ao longo do día desfrutaron da natureza e ata puideron observar setas velenosas como a Amanita Muscaria, rás, salamandras... Ao chegar da andaina os máis maiores, merendaron e desfrutaron das castañas asadas. Logo, puxéronse a xogar ao fútbol, ao escondite, ao pilla pilla... Despois, moitos grupos fixeron fotos para lembrar o día, especialmente o alumnado de 6º de Primaria, pois será o seu último magosto no cole. Por último, todos volveron ao colexio en autobús arredor das 13:30h, cando xa era hora de ir ao comedor, ao bus ou a casa. Foi un día moi divertido, cheo de anécdotas como caídas graciosas no barro ou a creación de mandalas con elementos naturais.







## A SEMANA DA CIENCIA NUN COLE MOI DIVERTIDO.


A semana da ciencia celébrase en toda España do 7 ao 20 de novembro e como é de esperar, no noso cole tamén a celebramos.

Autores: Paula, Pablo, Emma e Victor.

A ciencia ofrece solucións para os desastres da vida cotiá e axúdanos a responder aos grandes misterios da humanidade. A ciencia está presente en todas as áreas do desenvolvemento do ser humano, o que permite que o individuo teña maior coñecemento do mundo.

A Semana da Ciencia é a iniciativa máis importante da divulgación científica en moitas comunidades autónomas. Por isto, no ano 2001, como unha forma de recordar e renovar ese compromiso a nivel mundial, o 10 de novembro estableceuse como o Día Mundial da Ciencia.

O obxectivo desta conmemoración é achegar aos máis xóvenes ao mundo científico, por iso, esta semana dedicada á ciencia e á innovación é o maior evento da comunicación social da ciencia que se celebra en toda España.




Durante esta semana, no noso colexio faremos un obradoiro de Ciencia e Movemento no que todo o alumnado poderá ser partícipe da importancia que ten a Ciencia para o mundo.





Ademais, os nenos e nenas de 5º e 6º curso foron de excursión aos museos científicos da cidade da Coruña, como o Domus, a Casa dos Peixes e a Casa das Ciencias, onde puideron facer moitos experimentos e vivir moitas experiencias que se descubriron grazas ás investigacións de moitos científicos e científicas importantes.



Se queredes saber máis sobre a ciencia e adentrarvos neste mundo cheo de curiosidades, podeades visitar o Centro Interactivo de Educación Ambiental Naturnova Afundación en Vigo. Aquí poderedes adentrarvos no Universo, na nosa Galaxia e o Sistema Solar para introducirvos despois, no nos planeta. Ademais tamén poderedes coñecer todos os elementos que condicionan a vida e aos seres vivos. Para finalizar poderedes coñecer a relación que ten o ser humano co seu entorno.

En todos os museos científicos de Galicia ao longo de esta semana atoparedes actividades preparadas para disfrutar dos mellores achazgos científicos.





## O ceo de Vigo iluminarase esta fin de semana

Todos os vigueses e xente da zona poderán desfrutar do acendido das luces de nadal.

Autores: Brais, Claudia e Iria..

Este sábado 19 de novembro a cidade de Vigo iluminarase co acendido das luces do Nadal. Este ano, como novidade, o acendido diario farase media hora máis tarde e o apagado unha hora antes, é dicir, funcionará de 18:30h a 00:30h para aforrar enerxía.

Para que as persoas de todas as idades poidan desfrutar haberá: atraccións, millóns de luces led, villancicos e decenas de decoracións ideais para sacarse fotos.

O acto será similar aos tempos pre-pandemia: aberto ao público e sen máscara, aínda que con límite de aforo.





# O noruego Erling Haaland aprende español

O futbolista quere aprender o noso idioma para comunicarse mellor con Guardiola.

Autores: Anxo, Carla, Zoe e Luiz.




Haaland aproveita o tempo e a choiva de Mánchester para aprender o noso idioma. "É para entender entender mellor a Guardiola" - pronunciou o futbolista. Ademais, o corpo técnico está formado por hispanofalantes, ten cinco xogadores que falan español (Ortega, Laporte, Sergio Gómez, Rodri e Xulián Álvarez) e tres portugueses (Rubén, Dias, Cancelo e Bernardo Silva).

O vestiario é pequeno e por iso Haaland recibe clases de español, segundo contan os que o coñecen, dende antes do seu fichaxe no Mánchester City.



Haaland celebra vintetrés goles en 17 partidos, aínda que o que máis chamou a atención é a súa humildade. É moi sinxelo e isto ao fin e ao cabo e o máis importante nun rapaz de 20 anos.






# Estreouse a película Black Panther 2

A película chegou aos cines o 11 de novembro de 2022.

Autores: Marta, Valentina, Adrián e Enzo.

Marvel decidiu apostar por un superheroe descoñecido (Black Panther) ao que o público respondeu de xeito increíble.

É unha película que dura 2 horas e 41 minutos. Trata dunha secuela que seguirá explorando o incomparable mundo de Wakanda e todos os ricos e variados personaxes presentados na película de 2022.



## ACTORES

Chadwick Boseman



Tenoch Huerta



Michael B. Jordan



Letitia Wright



Angela Basset



Dominique Thorne



Mabel Cadena



Daniel Kaluuya





Autores: Mateo, Elena, Daniel e Carolina..


CHISTE

-Cal é a diferencia entre un volcán e un terremoto?

Que un terremoto ensucia e un volcán lava.



SUDOKU



ATOPA AS DIFERENCIAS



ADIVINANZAS

-En un granero hay una vaca, un cerdo y una gallina. Cada uno tiene tres meses. ¿Cuál es el mayor?

La gallina porque tiene tres meses y pico.

-Una señorita bien enseñoritada siempre va en coche y siempre viene mojada.

¿Quién es?

Alumnado que participa

LA lengua

